

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Servizo de Relacións Laborais

LIMPIEZAS FARO, S.L. (HOSPITAL GENERAL CIES)

Código de Convenio número 36002202011992

Visto o Acordo adoptado na mercantil LIMPIEZAS FARO, SL para os traballadores adscritos ao servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Xeral-Cíes, no que se determina prorrogar o convenio colectivo por un ano máis, nas mesmas condicións económicas e sociais, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social polo comité de empresa en data 28 de decembro de 2012.

Primeiro.—Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 30.01.2013.

Segundo.—Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Disposición adicional segunda do Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

www.cigservizos.org

A C O R D A:

Primeiro.—Ordenar o seu depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.—Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución as partes firmantes da Acta depositada.

**ACTA FINAL DA MESA DO CONVENIO COLECTIVO DO SERVIZO DE LIMPEZA
DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO XERAL CIES**

ASISTENTES

PARTE EMPRESARIAL:

— Paulina Díaz Lamela

COMITÉ DE EMPRESA:

- Jorge Costas Mallo
- Raúl Canosa Maya
- Francisco Martínez García
- Diego Lema Costas
- Esperanza Muñoz Caamaño
- Marta Benavides Guldrís
- Pilar Sampetro Bermúdez
- Cristina Alonso Fernández

En Vigo sendo o día 28 de decembro de 2012, as 16:30 horas, xúntanse as partes arriba mencionadas para dar lectura a redacción do Convenio.

Acordase prorrogar o convenio un ano mais nas mesmas condicións económicas e sociais, polo que pasase a sinatura do convenio despois de revisado o texto.

Nomease a María do Tránsito Fernández Fernández como depositaria do convenio ante a Consellería de Traballo sistema REGCON.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión as 18.30 horas.

Vigo, a 14 de febreiro de 2013. — A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2013001755

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUGAS DE GALICIA

ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA SUR

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Comunidade de usuarios Cortegada, representada por D. Ángel Días Vaqueiro, DNI 35.236.196-N, solicita de Augas de Galicia un caudal de 0,21 l/s procedente de dous mananciais nos lugares O Nazo e Rabeixa, parroquia de Verducido (San Martiño), Concello de A Lama, e con destino a uso doméstico. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.18248

As características do aproveitamento son:

Solicitante: Comunidade de usuarios Cortegada.

Caudal: 0,21 litros/seg.

Uso: Uso doméstico.

Orixe: Mananciais (2): "Fonte Benito" e "Fonte Bernal".

Destino: O Nazo e Rabeixa - Verducido (San Martiño).

UTM: (1) x= 548.914 y= 4.690.782 (2) x=548.609 y= 4.690.782.

Concello: A Lama.

Descrición das obras:

Captación de auga de dous mananciais mediante dous pozos de aros de formigón de 1,2 Ø m e 1,0 e 3,0 m de prof. e condución de auga ata unha arqueta de reunión e, dende a mesma, ata o depósito regulador de formigón armado e dimensións de 5,7 x 4,8 x 2,5 m (45 m³ de cap.) con tubaxe de PE de 50 Ø mm. Do dep. sae a rede de distribución en tubaxe de PE de 90 Ø mm.

Faise público por un prazo de UN (1) MES, que contan dende o seguinte ó da publicación deste anuncio de Boletín Oficial da Provincia para quen se considere prexudicado/a co solicitado, poida reclamar nese mesmo prazo no Concello de A Lama ou na Zona Sur de Augas de Galicia, R/ San Salvador, nº 2 - 4º, Vigo, onde poderán consulta-lo expediente.

Vigo, 1 de febreiro de 2012.—O Xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herreros.

2013001351